

# LINGUA GALEGA.UNIDADE 8: ANDAMOS POLAS RAMAS

## VOCABULARIO RELACIONADO COS XOGOS

Labirinto-xadrez-buxaina(peonza)- ioió-baralla-pita cega-tiracroios-dominó-crebacabezas-parchís-pano-pezas-cartas-taboleiro-peóns-dado-cordel-fichas-pedras-sinal-papeleira-fonte-balancín-areeiro-quiosco-tobogán

Xogar : ás bólas(canicas) – á corda- á pilla-ás agachadas(escondite) –ao aro-á mariola(peletre).

## ÁRBORES

ÁRBORE	PLANTACIÓN	FROITOS
piñeiro	piñeiral	piñas
abeleira	abeledo	abelás
carballo	carballeira	landras
castiñeiro	souto	castañas
oliveira	oliveiral	olivas

## FAMILIA DE PALABRAS

Unha familia de palabras é o conxunto formado por unha palabra e todas as que se forman a partir dela(derivadas e compostas).

Palabras primitivas: son as que non proceden doutra palabra. Ex : flor

Palabras derivadas :son as que proceden dunha palabra primitiva( fórmanse a partir doutras palabras).

Poden rematar en –eira, - eiro -al, -oso...

Ex : chuvieira, neboeira, piñeiral, siveiral, montañoso, pedroso...

## OS DETERMINANTES(II)

### OS POSESIVOS

Os posesivos son determinantes que indican a quen lle pertence algo.

Levan diante o artigo determinado.Ex: a miña lembranza, o seu tronco...

		UN SÓ POSUIDOR		
		1ª PERSOA	2ª PERSOA	3ª PERSOA
FEMININO	SINGULAR	miña	túa	súa
	PLURAL	miñas	túas	súas
MASCULINO	SINGULAR	meu	teu	seu
	PLURAL	meus	teus	seus
		VARIOS POSUIDORES		
		1ª PERSOA	2ª PERSOA	3ª PERSOA
FEMININO	SINGULAR	nosa	vosa	súa
	PLURAL	nosas	vosas	súas
MASCULINO	SINGULAR	noso	voso	seu
	PLURAL	nosos	vosos	seus

## OS DETERMINANTES(II)

### OS NUMERAIS

Os numerais son determinantes que expresan un número.Poden ser:

- Cardinais:** indican unha cantidade.Ex: un, dous, tres...
- Ordinais:** indican orde ou posición.Ex: primeiro, segundo...

Os cardinais un e dous e todos os ordinais concordan en xénero e número co nome.Ex: dúas estrelas, o terceiro planeta.

**Numerais cardinais:** un/unha, dous/dúas, tres, catro, cinco, seis, sete, oito,nove, dez, once, doce, trece, catorce, quince, dezaseis, dezasete, dezaeito, dezanove, vinte, vinte e un, vinte e dous/vinte e dúas, vinte e tres...trinta, trinta e un/trinta e unha, trinta e dous/trinta e dúas, trinta e tres...corenta, cincuenta, sesenta, setenta, oitenta, noventa, cen douscentos/duascentas, trescentos/trescentas...mil

## OS NUMERAIS ORDINAIS

primeiro/a ,segundo/a, terceiro/a, cuarto/a, quinto/a, sexto/a, sétimo/a, oitavo/a, noveno/a, décimo/a, undécimo/a , décimo primeiro/a, duodécimo/a, décimo segundo/a, décimo terceiro/a, décimo cuarto/a, décimo quinto/a, décimo sexto/a, décimo sétimo/a, décimo oitavo/a, décimo noveno/a, vixésimo/a, trixésimos/a, cuadraxésimo/a, quincuaxésimo /a, sesaxésimo/a, septuaxésimo/a, octoxésimo/a, nonaxésimo/a, centésimo/a, milésimo/a, millonésimo/a

## AS PALABRAS CON B

**-Escríbense con b as palabras que comezan por bu-, bur- e bus-.**

Ex: burro, burla, buscar, buque...

**-Tamén se escriben con b as palabras que conteñen br e bl.**

Ex: branco, blusa...

**-Escríbense con b os verbos rematados en –ber(beber, haber, deber...) e os rematados en –bir(escribir, prohibir, recibir...), agás vir, servir e vivir.**

**-Outras palabras con b:** abelá, baleiro, maravilloso, móbil...

## AS NORMA

Unha norma é unha regra ou conxunto de regras ás que se debe ater unha persoa ou cousa.

## OS CONTOS EN VERSO

A maior parte da poesía é lírica, é dicir, expresa os sentimentos do autor; pero tamén atopamos poemas nos que se conta unha historia: son poemas narrativos.

## VOCABULARIO

**Espallar:** estender.

**A rentes de:** ao lado de.

**Testemuña:**persoa que coñece un determinado feito, porque ocorreu na súa presenza, e pode dalo a coñecer a outros.

**Lucecú:** vagalume( insecto que emite luz na escuridade).

**Aluar:** pousarse na superficie da Lúa.

**Gobelete:** vaso de madeira, plástico, metal, coiro...utilizado en certos xogos , como o parchís.